

YOUTUBEIRAS+

# FIADDEIRO DIXITAL

1 / febreiro

Pazo da Cultura de Narón

Ás 17.00 h, n no edificio de aulas

Inscripción previa



Obradoiro de creación de  
contidos en redes sociais con  
**TOXÍO.**

## Fiadeiro dixital I Youtubeiras+ 2024

Dentro de Youtubeiras+ e coa finalidade de dar a coñecer o que se está a facer en galego na Rede, xorden os **Fiadeiros Dixitais**, cos seguintes obxectivos:

- Mostrar **referentes** na creación de contidos na nosa lingua.
- Fomentar o **consumo** de contidos audiovisuais en galego na Rede.
- Dar a **coñecer** o proxecto Youtubeiras+ e o seu certame.
- Incentivar a **creación** de vídeos en galego, con novas temáticas e novos perfís de persoas creadoras.

Estes obradoiros serven para que o público coñeza a comunidade de xente que está a **crear contidos en galego en Internet**, que non deixou de medrar nos últimos anos. Visibilízanse modelos que conectan co público e ofrécense **recursos na nosa lingua**.

### Cando?

O sábado **1 de xaneiro** de 2025 no **Pazo da Cultura de Narón** celébrase o último Fiadeiro Dixital desta edición, será **de 17 h a 17.50 h** para un máximo de **50 asistentes**.

### Quen imparte?

Estará impartido por **Nuria Espasandín** e **Sergio Casal** de [Toxío](#), un espazo de creación de contido que ten como piares fundamentais as viaxes, os dereitos humanos e o veganismo.

### De que se se vai falar?

A seguir deixamos un breve **guión dos contidos** a desenvolver:

- **As referentes na Rede:** Que tipo de contidos consume o público asistente. Quen son os e as súas referentes. Cales son os seus intereses ao navegar pola Rede.
- **Presentación:** Quen é Toxío que tipo de contidos crean na Rede.
- **Que se pode atopar na Rede en galego:** A creación de contidos en galego na Rede. Creadoras de contidos en galego como referentes. A comunidade en galego no YouTube, no TikTok e noutras plataformas.
- **Consellos prácticos:** Como comezar a crear contidos? Material, plan de acción, temáticas, formato... Dúvidas co galego? Ferramentas e recursos para resolver dúvidas lingüísticas e atreverse a crear en galego.
- **Peche:** Despedida e preguntas.

### Queres asistir?

Para inscribirte podes facelo en <https://i.gal/Fiadeiro>. A inscrición non será efectiva até recibir confirmación.